# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. MANZANEDA
CURSO: 1º
MATERIA: LINGUA GALEGA
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

## DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Nesta área incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico- matemáticos.

**Comunicación lingüística**

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos,…
- Manexar elementos de comunicación non verbal, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Gozar coa lectura.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

**Competencia dixital**

- Empregar distintas fontes para a procura de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

**Conciencia e expresións culturais**

- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**Competencias sociais e cívicas**

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Contaxiar o entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.

**Aprender a aprender**

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, creativo, emocional, interdependente.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función de resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

<u>**CRITERIOS AVALIACIÓN**</u>

**Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.**

1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra.

2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos.
3. Espresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación.
4. Ampliar o vocabulario a partir de diversas expeirencias.
5. Comprender o sentdido global dun texto oral .
6. Usar una linguaxe non discriminatoria e respectuosa.

**Bloque 2. Comunicación escrita: ler.**

1. Ler en voz alta breves textos.
2. Mostrar interese e gusto pola lectura.
3. Progresar na adquisición do hábito lector.

**Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.**

1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos.
2. Relacionar códigos verbais e non verbais.
3. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos e coida a presentación.

**Bloque 4.Coñecemento da lingua.**

1. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición do vocabulario.
2. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas.
3. Utilizar programas e aplicacións dixitais para realizar tarefas.

**Bloque 5.Educación literaria.**

1. Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.
2. Gozar da escoita de textos literarios.
3. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recuraso de gozo persoal.

## <u>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</u>

**Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.**

1.1. Expresa e expón opinións propias en discusións ou temas propostos.

1.2. Participa en conversacións sobre temas cotiáns dando explicación e argumentos.

1.3.Participa en enquisas escoitando e preguntado.

1.4. Expresa opinións persoais respectando as achegas dos demais e facendo uso de expresións adecuadas como: formular desexos, pedir quenda de palabra, peticións, agradecer unha colaboración...

1.5. Utiliza a linguaxe oral para comunicarse, usando as normas básicas de cortesía (saudar, pedir permiso, desculpas, suxestións, dúbidas...).

1.6. Expresa nas intervencións orais habituais feitos, sensacións, anécdotas, sucesos ou experiencias con pronuncia, entoación; ritmo e vocabulario adecuados á situación e tipo de texto.

1.7. Produce oralmente textos sinxelos da vida cotiá, explica procesos: receitas de cociña, instrucións de xogos,...

1.8. Narra experiencias persoais, sensacións, contos.

1.9. Identifica as ideas principaiss, respondendo a preguntas sobre datos e ideas expostas nun texto.

1.10. Recoñece elementos non verbais que favorecen a comprensión: xestos, ilustracións...

1.11. Crea e reproduce oralmente textos sinxelos.

**Bloque 2: Comunicación escrita: ler.**

2.1. Le en voz alta, con pronunciación e entonación axeitada.

2.2. Le en silencio textos sinxelos.

2.3. Identifica o tema dun texto sinxelo.

2.4. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das isustracións redundantes.

2.5. Relaciona a informacion contida nas ilustracións coa infomación que aparece no texto.

**Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.**

3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios do ámbito da vida cotiá: diarios, cartas e correos electrónicos, imitando textos modelo.

3.2. Presenta os seus traballos scoa caligrafía clara e limpeza, evitando riscos, etc.

3.3. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos sobre experiencias realizadas.

**Bloque 4. Coñecemento da lingua.**

4.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas.

4.2. Utiliza con corrección os tempos verbais.

4.3. Utiliza sinónimos e antónimos na expresión oral e escrita.

4.4. Forma palabras compostas a partir de palabras simples.

4.5. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.

4.6. Apñica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.

**Bloque 5.Educación literaria.**

5.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil.

5.2. Interpreta intuitivamente a linguaxe figurada en textos literarios.

5.3. Crea, con axuda, textos literarios sinxelos.

5.4. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer personal.

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | <u>Procedementos e Instrumentos</u>:<br>Para valorar o traballo do alumnado usarmos os criterios de avaliación establecidos no currículo oficial. Así mesmo valorarase a participación nas actividades.<br>Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptación metodolóxicas realizadas. Non obstante, daráselle prioridade a avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumnado. En ningún caso, este poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre. |
| **Cualificación final** | A avaliación será continua, global, formativa e integradora. Terá en conta o seu progreso no conxunto de todas as áreas do currículo.<br>Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos anteriormente serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como da consecución dos obxectivos. Valoraranse:<br>• As aprendizaxes acadadas por cada alumno.<br>• O grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se é o caso, as medidas adoptadas.<br>A avaliación final das aprendizaxes do alumnado considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres. |

| | |
|---|---|
| | As actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes que se desenvolvan durante o terceiro trimestre valoraranse sempre e cando se beneficie ao alumnado. |
| **Alumnado de materia pendente** | **Criterios de avaliación e cualificación:**<br>A avaliación será continua, global, formativa e integradora. Terá en conta o seu progreso no conxunto de todas as áreas do currículo.<br><br>Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos anteriormente serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como da consecución dos obxectivos. Valoraranse:<br><br>• As aprendizaxes acadadas por cada alumno.<br><br>• O grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se é o caso, as medidas adoptadas.<br><br>A avaliación final das aprendizaxes do alumnado considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres.<br><br>As actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes que se desenvolvan durante o terceiro trimestre valoraranse sempre e cando se beneficie ao alumnado. |
| | **Procedementos e instrumentos de avaliación:**<br><br>Para valorar o traballo do alumno usarmos os criterios de avaliación establecidos no currículo oficial. Así mesmo valorarase a actitude e a participación nas actividades.<br>Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptación metodolóxicas realizadas. Non obstante, daráselle prioridade a avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante |

| | |
|---|---|
| | este período, sempre que iso favoreza ao alumnado. En ningún caso, este poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre. |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | • Actividades de reforzo dos contidos: fichas de traballo para afianzar os principais contidos das unidades e para desenvolver as competencias, así coma actividades e xogos interactivos.<br>• Actividades de ampliación dos contidos: con fichas, lecturas e vídeos para que o alumnado afonde en determinados contidos, amplíen os seus coñecementos e as competencias adquiridas.<br>• Pequenos traballos de busca de información sobre contidos concretos de cada unidade e exposición oral a través de medios telemáticos. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Deseñaremos e desenvolveremos propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas, cunha finalidade e funcionalidade clara, que impliquen e posibiliten a activación da variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento de todas as competencias.<br>Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partirase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional.<br>En todas as directrices anteriores poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada e, por tanto, a metodoloxía adaptarase á situación individual de cada alumno na contorna na que se atope durante o estado de alarma, propoñendo na medida do posible actividades globalizadoras e interdisciplinares.<br>Tendo en conta o anterior, e que o Concello no que se atopa o centro facilita envíos de material aos domicilios de todo o alumando, faranse todo tipo de actividades para adaptarse á conectividade ou falta dela, achegando os materias necesarios no caso de falta de conectividade. |

| | |
|---|---|
| **Materiais e recursos** | • Libro de texto .<br>• Láminas, mapas, gráficos, esquemas.<br>• Fichas para realización de distintas actividades en papel.<br>• TICS: dispositivos electrónicos para enlaces a webs, vídeos educativos e actividades e xogos interactivos.<br>• Libros de lectura en formato dixital. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O contacto e comunicación co alumnado e familias, igual que o envío de tarefas, faise por diversos medios en función da dispoñibilidade telemática de cada familia e alumno/a. Así empréganse basicamente: servicios de mensaxería instantánea, chamada telefónica e correo electrónico. |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do centro. |